



ANUNCIO

Expediente 2461/2021

APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA REGULADORA DO ESTACIONAMENTO CON HORARIO LIMITADO GRATUITO (ZONA AZUL GRATUITA).

Aprobada inicialmente a ordenanza reguladora do estacionamento con horario limitado gratuítu (zona azul gratuítu) por acordo do Pleno de data 25 de novembro de 2021, queda exposto ó público xunto co texto da ordenanza que se insire a continuación, por un prazo de 30 días, a contar dende o día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, aos efectos de que as persoas interesadas poidan presentar as alegacións que consideren oportunas, en cumprimento do disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado polas persoas que teñan a condición de interesadas na páxina web do Concello de Tui e na súa sede electrónica:

<https://concellotui.sedelectronica.gal/board>

De presentarse reclamacións en prazo, resolveranse expresamente polo Pleno da Corporación. No caso de que non se tivese presentado ningunha reclamación ou suxestión, este acordo elevarase automaticamente a definitivo, entrando en vigor a ordenanza unha vez aprobada definitivamente e publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo ao que se refiren os artigos 70.2 e 65.2 da Lei Reguladora das Bases do réxime Local.

O que se comunica para coñecemento e efectos.

En Tui, o Alcalde.

Documento asinado dixitalmente á marxe.





“ORDENANZA REGULADORA DO ESTACIONAMIENTO CON HORARIO LIMITADO GRATUITO

ZONA AZUL GRATUITA

Exposición de motivos.

Considerando que a ocupación da vía pública co estacionamento de vehículos, supón o uso dun ben escaso, que debe ser repartido, e considerando oportuno e necesario facilitar o aparcamento ao maior número posible de veciños, veciñas e visitantes, introducindo factores de rotación nas prazas de estacionamento das rúas mais céntricas co ánimo de conquistar a máxima utilización posible e acercar o máximo posible o acceso ó centro urbano e ó comercio local; e considerando así mesmo oportuno e necesario substituír o sistema de disco horario por un sistema de ticket comprobante do horario, en aras a facilitar o acceso ao estacionamento e tendo en conta que os tickets se obterán por medio de máquinas expendedoras instaladas na vía pública convenientemente sinaladas, cuestións estas que motivan a adecuación ao interés xeral. Considerando que as razóns expostas motivan a necesaria aprobación dunha nova ordenanza que actualice a regulación do estacionamento con horario limitado gratuito.

Considerando as competencias municipais recoñecidas no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL)_ g) Tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade)_ e no artigo 7 do Real Decreto Lexislativo 6/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o TR da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, e considerando que esta ordenanza respeta os principios de boa regulación previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sendo coherente co principio de proporcionalidade ao conter a regulación imprescindible para atender á necesidade a cubrir pola norma, xerando un marco normativo claro que falicita o seu coñecemento e comprensión e supondo unha minoración de trámites e simplificación de procedementos polo que respecta ao principio de eficiencia.

Artigo 1.

De conformidade co disposto no artigo 25 da Lei 7/85, reguladora de Bases de Réxime Local, no Real Decreto Lexislativo 6/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o TR da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, así como na Lei 39/2015, de 1 de outubro, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, dítase a presente Ordenanza Reguladora do Estacionamento con horario limitado gratuito (zona azul gratuita).

Artigo 2. Obxecto.

Considerando que a ocupación da vía pública co estacionamento de vehículos, supón o uso dun ben escaso, que debe ser repartido, en virtud das facultades que se lle recoñecen ao Concello no artigo 25 de Lei de Bases de Réxime Local, de 2 de abril, e no artigo 7





do RDLex 6/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o TR da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viaria, créase o “Servizo de Zona Azul Gratuita”, que pretende acadar o acceso igualitario ao estacionamento nas zonas onde éste é especialmente escaso, limitando o aparcamento de vehículos a un período de tempo máximo dunha hora e trinta minutos e no caso de vehículos para persoas con discapacidade que teñen mobilidade reducida a un período de tempo máximo de tres horas.

Artigo 3. Funcionamento da Zona Azul.

Os estacionamentos regulados e con horario limitado (Zona azul) existirán naquelas rúas e zonas habilitadas e sinalizadas para tal fin, determinándose por medio de Resolución de Alcaldía tales rúas e zonas habilitadas no marco das rúas e prazas sinaladas no Anexo 2 (adxúntase Anexo 1 de determinación inicial, que poderá modificarse por Resolución de Alcaldía no marco do Anexo 2), e somenteranse as seguintes consideracións:

- a. O estacionamiento efectuarase mediante ticket comprobante do horario.
- b. O condutor do vehículo está obrigado a colocar o ticket no lugar da parte interna do parabrisas dianteiro do vehículo, de tal xeito que permita totalmente a súa visibilidade desde o exterior. No caso de vehículos para persoas con discapacidade que teñen reducida a súa mobilidade, ademais deberán exhibir xunto ao ticket a tarxeta oficial de estacionamento para persoas con discapacidade, de xeito que se permita totalmente a visibilidade de ambos documentos desde o exterior.
- c. O período máximo de permanencia dun vehículo en zona azul será dunha hora e trinta minutos e de tres horas no caso de vehículos para persoas con discapacidade que teñen mobilidade reducida.
- d. Unha vez concluído o tempo máximo de utilización, o vehículo deberá abandonar o estacionamento, e non poderá volver a estacionarse de novo o vehículo na mesma zona azul (Zona azul A, Zona azul B ...) ata transcorridas catro horas.
- e. Quedan excluídos desta limitación os vehículos dos Corpos e Forzas de Seguridade do Estado, Policía Autonómica e Policía Local, Protección Civil, Bombeiros, ambulancias e persoal sanitario en servizo de urxencia.
- f. O horario de limitación comprenderá dende as 09:00 horas ata as 14:00 horas e desde as 16:00 horas as 20:00 horas. Agás os domingos e festivos non laborables, nos que non haberá limitación.

Artigo 4. Expedición de tickets.

Para a adquisición de tickets de estacionamento en espazos de uso xeral, deberá terse en conta:





- a. Os tickets obteranse por medio de máquinas expendedoras instaladas na vía pública convenientemente sinaladas.
- b. A avaría ou funcionamento deficiente dunha máquina non eximirá da obriga de adquirir o ticket correspondente. O usuario deberá acudir a outra máquina expendedora que estea funcionando.
- c. Para obter o ticket será necesario a inserción dos datos da matrícula do vehículo estacionado, procedendo de xeito automático a máquina expendedora á inserción dos datos correspondentes, a hora de inicio, día, mes e ano do estacionamento, así como a hora que deberá rematar o estacionamento.
- d. A introducción dos datos na máquina expendedora é responsabilidade do conductor do vehículo estacionado.

Artigo 5. Estacionamentos non permitidos en Zona Azul.

Non poderán estacionar na Zona Azul:

- a. Os vehículos de PMA superiores a 3.500 kg., salvo autorización expresa.
- b. Os ciclos, ciclomotores e motocicletas. Os devanditos vehículos estacionaranse en zonas habilitadas de xeito específico para eles.
- c. Os vehículos que realicen operacións de carga e descarga, salvo que non tivesen lugar habilitado para este fin a menos de cincuenta metros.

Artigo 6. Infraccións.

1. Constituirán infraccións leves específicas desta modalidade de estacionamento:

1. Ocupar dúas prazas de estacionamento, ou non axustarse ó espazo marcado para o vehículo.
2. Sobrepassar o límite horario indicado no ticket habilitante.
3. Estacionar de novo o vehículo na mesma zona azul (Zona azul A, Zona azul B...), unha vez concluído o tempo máximo de utilización e antes de transcourir catro horas contadas desde que houberse concluído o tempo máximo de utilización.
4. Estacionar en espazo de Zona Azul, durante o horario de funcionamento do servizo, sen ticket ou título habilitante específico que o autorice, ou colocándoo de xeito que non permita a comprobación do seu contido.
5. Estacionar en Zona Azul calquera dos vehículos que o teñan expresamente prohibido conforme artigo 5.
6. Sen prexuízo da responsabilidade penal en que puidesen incorrer, tamén se considerarán infraccións a manipulación, falsificación ou calquera outro uso fraudulento do ticket expedido ou dos distintivos de estacionamento concedidos pola autoridade competente.





Artigo 7. Sancións.

A infraccións da presente ordenanza terán a consideración de infracción ás normas de ordenación de tráfico e circulación e traerán consigo a imposición de sancións mediante o procedemento legal establecido na normativa de aplicación.

As infraccións sinaladas nos apartados 1 a 3 do artigo anterior serán sancionadas con multa de cincuenta euros (50 Euros), e as sinaladas nos apartados 4 a 6 con multa de cen euros (100 Euros).

As devanditas multas se reducirán nun 50% se se fixesen efectivas dentro do prazo de 20 días naturais contados dende o día seguinte a aquel en que teña lugar a notificación da mesma.

Artigo 8. Medidas cautelares.

Cando un vehículo estea estacionado en Zona Azul sen título habilitante ou o dobre do tempo autorizado, tra-la denuncia polo incumprimento das normas reguladoras de Zona Azul, poderá ser inmovilizado ó obxecto de identifica-lo seu conductor e notifica-la denuncia pertinente; se fora reincidente, poderá ser retirado e trasladado ó Depósito Municipal, procedéndose de xeito regulamentario contra a persoa que pida a devolución de vehículo, que haberá de facer efectivo os gastos que supoñan a inmovilización, traslado e/ou depósito, segundo proceda.

Artigo 9. Procedemento sancionador.

O procedemento sancionador se tramitará con arreglo ao disposto na Ordenanza de circulación, no TR da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial e, supletoriamente, na normativa de procedimientto administrativo común.

Disposición Derrogatoria

Quedan derogadas:

- A Ordenanza reguladora do Estacionamento con horario Limitado (Zona Azul) aprobada polo pleno da corporación municipal con data 27 de marzo de 2008 (BOP do 14 de maio de 2008), así como a súa modificación aprobada polo pleno da corporación con data 26 de febreiro de 2009 (BOP do 12 de xuño de 2009)

-A Ordenanza do Servizo Público de Ordenación e Regulación de Aparcamiento (ORA) aprobada polo pleno da corporación municipal con data 31 de outubro de 2006 (BOP do 13/12/2006)





Disposición Final.

Esta Ordenanza entrará en vigor unha vez que sexa aprobada definitivamente polo Concello e publicado o seu texto completo e transcorra o prazo de quince días hábiles ao que se refiren os artigos 65.2 e 70.2 da Lei 7/1985, reguladora das Bases de Réxime Local.

ANEXO NÚMERO 1

Determinación inicial de rúas e zonas en que se establece a “Zona Azul” (que poderán modificarse por Resolución de Alcaldía dacordo co sinalado no artigo 4 da presente ordenanza):


A determinación inicial da “Zona Azul” se divide en dúas zonas que se denominan Zona azul A e Zona azul B e abarcan, respectivamente, as rúas que a continuación se relacionan.

-Zona azul A:

1. Foxo
2. Travesía Foxo
3. Rosa Bahamonde

-Zona azul B:

4. Calvo Sotelo
5. Augusto González Besada



ANEXO NÚMERO 2

PERÍMETRO DA ZONA AZUL

As rúas e prazas que poden ser afectadas polo estacionamento con horario limitado gratuito son as seguintes:

1. Foxo
2. Travesía Foxo
3. Calvo Sotelo
4. Rosa Bahamonde
5. Alcalde Casal Aboy e prolongación
6. Betanzos
7. Compostela
8. Lugo
9. Mondoñedo
10. Ourense e prolongación
11. Praza de Galicia
12. Coruña
13. Martínez Padín





14. Pilar
15. Oia
16. A Guarda
17. O Rosal
18. Tomiño
19. Maristas
20. Avenida de Portugal (ata cruce Parador)
21. Avenida da Concordia

ANEXO NÚMERO 3

SINALIZACIÓN VERTICAL E HORIZONTAL EN ZONAS AZUIS

A sinalización vertical e horizontal axustarase á normativa de aplicación.

1. Sinalización vertical.

- a) Todas as zonas afectadas polo estacionamento limitado gratuito estarán indicadas pola sinalización R-309 de estacionamento limitado.
- b) O sinal R-309 levará un panel complementario onde se indicará o tempo máximo de estacionamento permitido e mais o horario durante o cal rexen as medidas de limitación para os aparcamentos.

2. Sinalización horizontal.

- a) Os espazos destinados ao uso xeral de estacionamentos limitados gratuitos estarán delimitados mediante liñas discontinuas de cor azul.”

